



Resolución do 1 de outubro de 2018, da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social, pola que se aproba a relación definitiva de admitidos/as para cubrir prazas de persoas colaboradoras-bolseiras na Residencia Florentino López Cuevillas para o curso académico 2018/2019

Convocada a oferta de prazas de persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social, para o curso académico 2018/2019, por Orde do 20 de xullo de 2018 (DOG Núm. 150, do 7 de agosto), e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro: Con data do 14 de setembro de 2018 aprobouse a relación provisional de admitidos para cubrir prazas de persoas colaboradoras-bolseiras na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense, para o curso académico 2018/2019.

Segundo: Con data 1 de outubro de 2018, a comisión cualificadora reuniuse a efectos de resolver as reclamacións presentadas e elaborar novo informe e procedeuse a continuación a elevar polo órgano instructor unha nova proposta de resolución definitiva.

Vistos os antecedentes citados e tendo en conta o disposto no artigo 11 da citada orde e os demais preceptos normativos de xeral e pertinente aplicación, esta xefatura territorial

RESOLVE

Primeiro: Aprobar a relación definitiva de admitidos/as, así como a lista de espera, para cubrir as 5 prazas de persoas colaboradoras-bolseiras na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense, para o curso académico 2018/2019, que figura como anexo á presente resolución, en base á proposta elevada polo órgano instructor e ó informe da comisión cualificadora.

Segundo: Facer pública dita relación mediante a súa exposición nos lugares indicados no artigo 11.2 da convocatoria.

Terceiro: A adxudicación de prazas vacantes con posterioridade á resolución realizarase, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 11.3 da orde de convocatoria.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da resolución, se o acto fose expreso; se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, ou impugnalas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se é presunto, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución ou do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Ourense, 1 de outubro de 2018

A xefa territorial

M^a José Fernández Laso

